



Datos Do Expediente:

PLENO		
Unidade Tramitadora:		
Organos de Goberno e Central – MCCM		
Número expediente:	Documento:	
GOB/2025/89	GOB19I00PS	
2J05 162P 2W12 5G6I 1BF4		

D/D^aM^aANGELES MANTEIGA FULGUEIRA, A SECRETARIA SUBSTITUTA do Concello de Narón

CERTIFICA: *Que o Concello Pleno, na sesión ordinaria que tivo lugar o día vinte e cinco de setembro de dous mil vinte e cinco, adoptou entre outros, o acordo seguinte:*

6 °.- PROPOSTA PARA A PRÓRROGA DO III PLAN DE IGUALDADE DO CONCELLO DE NARÓN. -Lida polo secretario xeral a proposta que di así: M^a. Carmen Lorenzo Tojeiro, Concelleira Delegada de Igualdade, á vista do informe emitido pola xefatura do Servizo Sociocomunitario municipal e de conformidade con el, eleva á Comisión informativa de desenvolvemento da actividade social e igualdade a seguinte proposta:

Asunto: Prórroga do III Plan de Igualdade municipal.

Con data 29-12-2022 aprobouse en sesión plenaria o III Plan de igualdade Municipal para o período 2023-2024, cunha vixencia de dous anos prorrogables.

No último punto do III Plan de igualdade, regúlase o sistema de seguimento e avaliación a partir da información recollida polos diferentes departamentos municipais, para coñecer a evolución da execución das accións. Esta avaliación realizouse en base á información recollida no seguimento do avance do plan realizado con carácter anual coa participación e implicación das distintas áreas e entidades municipais.

Respecto á posibilidade de prórroga, o apartado “Avaliación e vixencia” do III Plan de Igualdade establece que [...os resultados desta avaliación á finalización do período de vixencia do III Plan deberán motivar o debate en Pleno da súa eventual prórroga por outros dous anos, incorporando neste caso as adaptacións e recursos precisos para a efectiva consecución dos seus obxectivos...].

Con data 02-09-2025 (MOC19I004Z) a xefatura do Servizo Sociocomunitario informa que, en aplicación do establecido no III Plan de Igualdade, se realizou un informe coas conclusións de toda a información tratada, que se remite á Comisión de Actividade Social e Igualdade para o seu estudo e discusión e que, á vista do seguimento realizado, convén prorrogar o III Plan de Igualdade municipal por dous anos máis, en aras de reforzar as liñas que foron desenvoltas en menor medida e abundar nas actuacións que foron máis exitosas, sen necesidade de introducir modificacións, nin novas liñas de traballo.

Polo previamente exposto, e visto o ditame favorable por maioría (cos votos a favor de TEGA -5- e PP -3-; e as abstencións de BNG -2- e PSdG-PSOE -1-) da Comisión Informativa de Desenvolvemento da Actividade Social e Igualdade de data 18-09-2025, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción dos seguintes acordos:



1º.- Prorrogar, por dous anos máis, o III Plan de Igualdade municipal aprobado polo Concello Pleno con data 29 de decembro de 2022, unha vez realizada á avaliación final dos resultados que figuran como Anexo I no informe emitido pola xefatura do Servizo Sociocomunitario.

2º.- Facer pública a prórroga do III Plan de Igualdade de Narón na páxina web municipal e no portal de transparencia.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:

TEGA: 10 a favor

PP: 6 a favor

BNG: 3 abstencións

PSdeG-PSOE: 2 a favor

E para que conste e surta efectos, esténdese a presente certificación, facéndolle constar que a acta onde se recolle o acordo anterior está pendente de aprobación, en Narón, a 26 de setembro de 2.025.

V.e pr.